# PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO
# CONCRECIÓN CURRICULAR

# IES XULIÁN MAGARIÑOS, NEGREIRA

APROBADA EN CLAUSTRO O 3 DE ABRIL DE 2019

# PEC CONCRECIÓN CURRICULAR

| **Orixinal** | **Nome** | **Data** |
|---|---|---|
| **Elaborado por** | Clara Cristela Rodríguez Núñez | Abril 2019 |
| **Revisado por** | Equipo directivo | Setembro 2018-abril 2019 |
| **Aprobado por** | Claustro e Consello Escolar | Abril 2019 |

| **TÁBOA DE REVISIÓNS** | | | |
|---|---|---|---|
| **Revisión** | **Inicio vixencia** | **Descrición Cambios** | **Informado e Aprobado** |
| V 1.1<br>Clara Cristela Rodríguez Núñez | 24/01/2022 | Eliminar apartado 3 (criterios para dar título de ESO en FP Básica) para adaptarse á LOMLOE Cambios no apartado 4 para a concesión da matrícula de honra en 4º ESO. | Claustro 24/01/2022<br>Consello Escolar 25/01/2022 |
| V1.2.<br>Clara Cristela Rodríguez Núñez | 07/03/2022 | Cambios no apartado 4 para a concesión da matrícula de honra en 4º ESO para adaptarse á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia | Claustro 7/03/2022<br>Consello Escolar 15/03/2022 |
| V1.3.<br>Clara Cristela Rodríguez Núñez | 06/04/2022 | Cambios no apartado 1 para adaptar a titulación de 4º ESO á ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. | Claustro 06/04/2022 |
| V1.4.<br>Clara Cristela Rodríguez Núñez | 16/06/2022 | Apartado 6: Oferta de optatividade. | Claustro 16/06/2022 |
| V1.5.<br>José Luis Mateos Santiago | 24/04/2023 | Engadir e completar o contido dos apartados 1 ao 16 e os anexos I ao IV. | Claustro 24/04/2023 |
| V1.6.<br>José Luis Mateos Santiago | 25/01/2024 | Engadir no apartado 6 a necesidade dun compromiso de permanencia no PDC.<br>Cambios no apartado 11 para clarificar os criterios de desempate, na obtención de matrícula de honra.<br>Cambios no apartado 16 para modificar a prazo de cambio de modalidade de Bacharelato.<br>Engadir o anexo IV<br>Engadir o anexo V. | Claustro 25/01/2024 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| V1.7.<br>José Luis Mateos Santiago | 29/04/2024 | Cambios no apartado 10.1.3. no que desaparece o cálculo das competencias clave e substitúese polo cálculo co aplicativo PROENS | Claustro 29/04/2024 |
| V1.8.<br>José Luis Mateos Santiago | 27/05/2024 | Aprobación da oferta de ESO e Bacharelato para o curso 2024-2025 recollida no Anexo VI | Claustro 27/05/2024 |
| v1.9J<br>José Luis Mateos Santiago | 28/06/2024 | Adaptación da concreción curricular á Disposición Segunda da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa (Atención educativa como alternativa á relixión católica no Bacharelato) | Claustro 28/06/2024 |

# ÍNDICE DE CONTIDOS

**1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO…………………………...5**
**2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS……………………………………...11**
**3. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS……………………………………………………………………………15**
**4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA………………………………18**
**5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTICOS….20**
**6. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO……………………………………………………………………..21**
**7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS…………………………23**
**8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE ACADE A PROMOCIÓN CON MATERIAS OU ÁMBITOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES……………24**
**9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO……………………...25**
**10. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN…………..………..25**
**11. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO…34**
**12. DECISIÓNS E OS CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACION E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS……………………………………………………………………...36**
**13. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS……………………………………………………………………………………………..38**
**14. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, A AVALIACIÓN E A MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR……………………………………………………………………………………………..38**
**15. PROCEDEMENTOS DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO39**
**16. OUTROS ASPECTOS CURRICULARES………………………………………………………………40**
**ANEXO I……………………………………………………………………………………………………42**
**ANEXO II…………………………………………………………………………..……………………45**
**ANEXO III……………………………………………………………………………………………..49**
**ANEXO IV……………………………………………………………………………………………..50**
**ANEXO V…………………………………………………………………………………………...……51**
**ANEXO VI…………………………………………………………………………………………...……52**

# 1. ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS AO CONTEXTO DO CENTRO

## 1.1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

**1. Facilitar o coñecemento e promover a participación do alumnado e das familias nos órganos de representación do centro.**

**2. Favorecer o coñecemento de toda a comunidade educativa das Normas de Organización e Funcionamento do centro.**

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

**1. Impulsar estratexias para minimizar o absentismo escolar.**

**2. Poñer en marcha metodoloxías que promovan tanto o traballo individual como o cooperativo.**

**3. Crear no centro un clima que favoreza a adquisición de hábitos de traballo e estudo.**

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

**1. Consolidar o grupo de igualdade (EQUA) coa financiación dos contratos programa.**

**2. Manter o alto grao de participación nas celebracións relacionadas coa igualdade, establecidas no calendario escolar.**

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

1. **Consolidar o grupo de mediación.**
2. **Manter a participación do centro no programa de TITORÍAS compartidas.**

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

1. **Seguir participando en E-DIXGAL.**
2. **Incluir actuacións relacionadas co uso responsable e ético das tecnoloxías da información dentro do Plan Dixital.**
3. **Garantir o acceso a aulas de informática a todas as materias.**
4. **Promover o uso da aula virtual do centro.**

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

1. **Facilitar a participación en olimpiadas e concursos científicos e tecnolóxicos.**

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

1. **Guiar na realización de proxectos de empresa en asignaturas do departamento de economía.**
2. **Visitar empresas, etc.**
3. **Promover que o alumnado propoña e organice actividades extraescolares do seu interese.**

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

1. **Promover clubes de lectura.**
2. **Levar a cabo actividades promovidas pola biblioteca.**
3. **Participar no club de debate.**
4. **Manter o certamen de relatos en galego e castelán.**

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

1. **Seguir apostando pola sección bilingüe.**
2. **Seguir solicitando un asistente de conversa.**
3. **Favorecer a acreditación do alumnado en linguas estranxeiras a través da colaboración con institucións como o Trinity College ou a Alianza Francesa.**
4. **A posible colaboración co Instituto Camoens, cada ano máis presente nos centros de Galicia (e a súa lingua no noso alumnado).**
5. **Fomentar a través de actividades diversas o coñecemento e o respecto polas diferentes linguas maternas presentes no centro.**

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

1. **Facer roteiros pola  contorna.**
2. **Organizar concursos de fotografía e vídeo para difundir o patrimonio da comarca.**
3. **Colaboracións coas familias e cos seus maiores para recuperar as súas historias persoais e colectivas.**
4. **Charlas nas aulas, salón de actos e Auditorio de Negreira monográficas sobre historia e patrimonio.**
5. **Visitas guiadas a museos, bibliotecas, cidades ou espazos naturais.**
6. **Colaboración activa co Concello e Radio Negreira na creación de programas de divulgación.**
7. **Edición dunha revista escolar.**

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

1. **Participar e desenvolver programas que favorezan a alimentación saudable.**
2. **Participar en programas que inclúan charlas de educación sexual.**
3. **Organizar campeonatos deportivos nos recreos.**
4. **Desenvolver a intelixencia emocional do alumnado a través de obradoiros, charlas … En particular manter os Encontros Emocionais.**
5. **Realización de actividades para o coñecemento e mellora do medio ambiente natural na contorna do centro:**

   **- Realización de roteiros polos arredores para coñecer os ecosistemas da contorna e os problemas medio ambientais aos que están sometidos.**

   **- Relación entre un medio natural coidado e a saúde do alumnado: actividade de senderismo, promover o uso da bicicleta...**

   **- Traballo co lixo: actividades de mellora do medio natural (recollida e clasificación do lixo do patio e das inmediacións do centro, análise dos factores e actitudes que propician a súa existencia,  actividades para potenciar a regra dos 3 R (reducir en orixe, reutilizar e colaborar na reciclaxe potenciando a separación en orixe no centro das distintas fraccións do lixo). Promover a participación en concursos que fomenten a reciclaxe de pilas.**

**- Actividades de manexo de prácticas hortícolas sostibles e introdución a unha alimentación saudable (plantación de árbores froiteiras e horto escolar).**

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

1. **Organizar concursos de fotografía e vídeo para difundir o patrimonio da comarca.**
2. **Proporcionar espazos para a mostra e exposición de traballos artísticos elaborados polo alumnado.**

o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

1. **Facer roteiros pola contorna.**
2. **Organizar concursos de fotografía e vídeo para difundir o patrimonio da comarca.**
3. **Colaboracións coas familias e cos seus maiores para recuperar as súas historias persoais e colectivas.**
4. **Charlas nas aulas, salón de actos e Auditorio de Negreira monográficas sobre historia e patrimonio.**
5. **Visitas guiadas a museos, bibliotecas, cidades ou espazos naturais.**
6. **Colaboración activa co Concello e Radio Negreira na creación de programas de divulgación.**
7. **Edición dunha revista escolar.**

p) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1. **Realizar actividades que promovan o uso e coñecemento da lingua galega por parte por parte de toda a comunidade educativa.**
2. **Incluír a lingua portuguesa dentro da oferta de segundas linguas estranxeiras.**

## 1.2. BACHARELATO

O bacharelato contribuirá a desenvolver nas alumnas e nos alumnos as capacidades que lles permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

1. **Manter o alto grao de participación nas celebracións establecidas no calendario escolar.**

b) Consolidar unha madureza persoal, afectivo-sexual e social que lles permita actuar de forma respectuosa, responsable e autónoma, e desenvolver o seu espírito crítico. Prever, detectar e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais, así como as posibles situacións de violencia.

1. **Consolidar o grupo de mediación.**

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades de mulleres e homes, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes, así como o recoñecemento e o ensino do papel das mulleres na historia, e impulsar a igualdade real e a non discriminación por razón de nacemento, sexo, orixe racial ou étnica, discapacidade, idade, enfermidade, relixión ou crenzas, orientación sexual ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

1. **Consolidar o grupo de igualdade (EQUA) coa financiación dos contratos programa.**

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

1. **Promover clubes de lectura.**
2. **Levar a cabo actividades promovidas pola biblioteca.**
3. **Participar no club de debate.**

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

1. **Realizar actividades que promovan o uso e coñecemento da lingua galega por parte do Equipo de Normalización e Dinamización Linguística.**
2. **Manter a participación en certames literarios diversos en lingua castelá e lingua galega.**

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

1. **Seguir apostando pola sección bilingüe.**
2. **Seguir solicitando un asistente de conversa.**
3. **Favorecer a acreditación do alumnado en linguas estranxeiras a través da colaboración con institucións como o Trinity College.**

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

1. **Incluir actuacións relacionadas co uso responsable e ético das tecnoloxías da información dentro do Plan Dixital.**
2. **Garantir o acceso a aulas de informática a todas as materias.**
3. **Promover o uso da aula virtual do centro.**

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e na mellora do seu ámbito social.

1. **Organizar charlas e exposicións con distintas asociacións e institucións.**

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

1. **Facilitar a participación en olimpiadas e concursos científicos e tecnolóxicos.**

l) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao ambiente.

1. **Facilitar espazos para a investigación e a realización de proxectos científicos.**

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

1. **Guiar na realización de proxectos de empresa en asignaturas do departamento de economía.**
2. **Visitar empresas, entidades sen ánimo de lucro, institución culturais e económicas, …**
3. **Promover que o alumnado propoña e organice actividades extraescolares do seu interese.**

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

1. **Organizar concursos de fotografía e vídeo para difundir o patrimonio da comarca.**
2. **Proporcionar espazos para a mostra e exposición de traballos artísticos elaborados polo alumnado.**
3. **Manter a participación en certames literarios diversosen lingua castelá e lingua galega.**

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Afianzar os hábitos de actividades físico-deportivas para favorecer o benestar físico e mental, así como medio de desenvolvemento persoal e social.

1. **Participar en programas que favorezan a alimentación saudable.**
2. **Organizar campeonatos deportivos nos recreos.**
3. **Organizar encontros emocionais.**

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da mobilidade segura e saudable.

1. **Colaborar co concello para que as entradas e as saídas sexan seguras coa participación da Policía Local.**

q) Fomentar unha actitude responsable e comprometida na loita contra o cambio climático e na defensa do desenvolvemento sustentable.

1. **Traballar nun horto escolar.**
2. **Promover o uso da bicicleta.**
3. **Participar en concursos que promovan a reciclaxe de pilas.**
4. **Facer experimentos con placas solares como fontes de enerxía limpa.**

r) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio cultural material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1. **Facer roteiros pola contorna.**
2. **Organizar concursos de fotografía e vídeo para difundir o patrimonio da comarca.**
3. **Colaboracións coas familias e cos seus maiores para recuperar as súas historias persoais e colectivas.**
4. **Charlas nas aulas, salón de actos e Auditorio de Negreira monográficas sobre historia e patrimonio.**
5. **Visitas guiadas a museos, bibliotecas, cidades ou espazos naturais.**
6. **Colaboración activa co Concello e Radio Negreira na creación de programas de divulgación.**
7. **Edición dunha revista escolar.**

# 2. CONTRIBUCIÓN Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS

**a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** LINGUAS, ORATORIA (75%), resto (25%).

*A competencia en comunicación lingüística supón interactuar de forma oral, escrita, signada ou multimodal de maneira coherente e adecuada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. Implica mobilizar, de maneira consciente, o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais, escritas, signadas ou multimodais evitando os riscos de manipulación e desinformación, así como comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira cooperativa, creativa, ética e respectuosa.*

*A competencia en comunicación lingüística constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber. Por iso, o seu desenvolvemento está vinculado á reflexión explícita sobre o funcionamento da lingua nos xéneros discursivos específicos de*

*cada área de coñecemento, así como aos usos da oralidade, a escritura ou a signación para pensar e para aprender. Por último, fai posible apreciar a dimensión estética da linguaxe e gozar da cultura literaria.*

**b) COMPETENCIA PLURILINGÜE:** LINGUAS, ORATORIA (75%), RESTO (25%).

*A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.*

**c) COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA (STEM):** MATEMÁTICAS, BIOLOXÍA E XEOLOXÍA, FÍSICA E QUÍMICA, TECNOLOXÍA, TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN, DIXITALIZACIÓN, EDUCACIÓN DIXITAL (90%), RESTO (10%).

*A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.*

*A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.*

*A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.*

*A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e da metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.*

**d) COMPETENCIA DIXITAL:** EDUCACIÓN DIXITAL, TECNOLOXÍA, TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN, DIXITALIZACIÓN (50%), RESTO (50%)

*A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.*

*Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.*

**e) COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER:** TODAS MEDIA.

*A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autocoñecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente; colaborar con outros de forma construtiva; manter a resiliencia; e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lles facer fronte á incerteza e á complexidade; adaptarse aos cambios; aprender a xestionar os procesos metacognitivos; identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas; contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vidaorientada ao futuro; así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.*

**f) COMPETENCIA CIDADÁ:** EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS, FILOSOFÍA (50%), RESTO (50%).

*A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e o compromiso activo coa sustentabilidade e o logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.*

**g) COMPETENCIA EMPRENDEDORA:** ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO, FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL (50%), RESTO MEDIA.

*A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades; adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender, a arriscar e a afrontar a incerteza.*

*Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.*

**h) COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS:** XEOGRAFÍA E HISTORIA, CULTURA CLÁSICA, FILOSOFÍA, MÚSICA, LINGUAS, EPVA, EXPRESIÓN ARTÍSTICA (80%) RESTO (20%).

*A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.*

# 3. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS E INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

## 3.1. CRITERIOS PARA DESENVOLVER OS PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS

Os principios pedagóxicos, que están reflectidos no artigo 17 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, son os seguintes:

1. Na educación secundaria obrigatoria os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e poñerase especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecte calquera destas situacións

**1. O centro presentará unha ampla oferta de agrupamentos flexibles en 1º e 2º de ESO nas seguintes materias:**

- **Lingua castelá e literatura.**
- **Lingua galega e literatura.**
- **Matemáticas**
- **Bioloxía e xeoloxía**
- **Xeografía e historia**
- **Lingua inglesa**
- **Tecnoloxía e dixitalización**
- **Física e química**

**O criterio para a súa oferta é que haxa horas dispoñibles nos departamentos correspondentes.**

2. A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída, e fomentarase a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión. Para estes efectos, teranse en conta as orientacións pedagóxicas establecidas no anexo II para cada unha das materias ou dos ámbitos.

1. **En 1º e 2º de ESO, as horas a disposición do centro, serán dedicadas ás materias de lingua galega, lingua castelá e matemáticas.**
2. **Promoverase o traballo o as iniciativas entre os diferentes departamentos.**

3. Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

**1. Nas seccións bilingües de 3º e 4º de ESO os departamentos de Xeografía e Historia e Inglés coordinaranse para que o alumnado traballe a partir de proxectos trimestrais que lles permitan desenvolver todas as competencias, e de forma especial as competencias plurilingüe e dixital.**

**2. O alumnado de FP Básica traballará preferentemente a partir de proxectos interdisciplinares que lles permitan vincular o currículo académico dos diferentes módulos coa realidade da súa contorna.**

3. **Fomentar a participación do alumnado na biblioteca aproveitando o programa "Bibliotecas escolares solidarias".**

4. A lectura constituirá un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave. É de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a práctica docente de todas as materias, de xeito que se garanta nesta a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular.

1. **O centro fomentará a participación da comunidade educativa en diferentes clubes de lectura.**
2. **O centro facilitará o funcionamento do club de debate.**
3. **As diversas materias ofertarán listaxes de lecturas en función de diversas temáticas e adaptadas a diversos intereses.**

5. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado

contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluirán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

1. **Aplicar o documento elaborado no grupo de traballo de Tratamento Integrado das Linguas.**

6. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, daráselles prioridade á comprensión, á expresión e á interacción oral.

### 3.2. CRITERIOS PARA INCORPORAR OS ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Os elementos transversais, que están reflectidos no artigo 18 do devandito decreto, son os seguintes:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.

2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

5. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Os temas transversais serán tratados, ademais de nas programacións das distintas materias, nas actividades complementarias e extraescolares, nas sesións de titoría (ESO).

O centro educativo fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Fomentará a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, o respecto aos dereitos humanos, o respecto aos homes e mulleres por igual, ás persoas con discapacidade e o rexeitamento á calquera tipo de violencia.

Para iso potenciarase o seguinte:

1. Programa de titorías compartidas.
2. Actividades complementarias específicas.
3. A aprendizaxe cooperativa.
4. A biblioteca como motor.
5. A participación activa do alumnado e familias.
6. As reunións de titores co servizo de orientación.
7. Promoverase a creación dun observatorio de xénero.

# 4. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE A METODOLOXÍA

A metodoloxía educativa constitúe o conxunto de decisións e actuacións que organizan a acción didáctica na aula, establecendo o papel desempeñado polo profesorado e os alumnos e as alumnas, a utilización de medios e recursos didácticos, os tipos de agrupamentos, etc. Esta definición conleva a

posibilidade de desenvolver diversas metodoloxías co fin de conseguir as mesmas finalidades e obxectivos educativos.

Considérase necesario establecer a formulación dunhas pautas metodolóxicas xerais que poidan ser asumidas por todos os membros do Claustro, sen prexuízo das actuacións que especificamente poidan desenvolverse en cada unha das etapas educativas e as súas correspondentes áreas de coñecemento co obxectivo de arbitrar métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, e promovan o traballo en equipo.

Esta metodoloxía ten que estar encamiñada á consecución dos obxectivos da etapa, contextualizados na realidade do centro. Tendo isto en conta, no noso centro levaranse a cabo as seguintes actuacións:

1. Aplicar os protocolos educativos (TDAH, TEA, dislexia…).
2. Facer reforzos ordinarios en aula cando se identifique a necesidade.
3. Aplicar e potenciar o bo uso das TICS na aula mediante o programa E-Dixgal.
4. Aplicar medidas extraordinarias: adaptación curricular, agrupamento flexible, apoio profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe (PROA+), flexibilización da duración do período de escolarización, programas de diversificación curricular.
5. Fomentar o pensamento racional e crítico mantendo a obxectividade nas exposicións, o traballo individual e cooperativo do alumnado na aula, así como as diferentes posibilidades de expresión.
6. Fomentar as competencias referidas á lectura e expresión escrita e oral, no desenvolvemento de todas as materias do currículo.
7. Apostar por unha ampla oferta de actividades complementarias e extraescolares.
8. Poñer en práctica situacións de aprendizaxe variadas, contextualizadas en contornas reais que resulten motivadoras e axustadas ás características do alumnado e ao seu ritmo de aprendizaxe.
9. Facilitar a construción de aprendizaxes significativas.
10. Interrelacionar contidos, cunha atención específica ao Tratamento Integrado de Linguas.
11. Partir dos coñecementos previos do alumnado mediante avaliacións iniciais.
12. Fomentar as titorías compartidas.
13. Relacionar os contidos curriculares coa vida cotiá próxima ao alumnado.
14. Promover a reflexión e o espírito crítico.
15. Atender de xeito individualizado tendo sempre en consideración a diversidade do alumnado.
16. Integrar activamente ao alumnado na dinámica da aula.
17. Aplicar instrumentos de avaliación variados e adaptados ás características do alumnado.

18. Levar a cabo unha avaliación formativa.
19. Fomentar a lectura.
20. Apoiar a aprendizaxe por proxectos a través da creación de espazos polivalentes.

# 5. CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E OS RECURSOS DIDÁCTICOS

O centro está integrado no Programa E-Dixgal. O programa implica que ao menos 6 materias da ESO (entramos no programa de xeito progresivo, a razón dun curso por ano ata ter os catro cursos da ESO) non terían libro de texto físico. O mesmo sería un libro dixital dos que ofrece a Consellería de Educación a través de dito Programa. Todo o alumnado da ESO tería un ordenador portátil para traballar en clase, conectado á rede de aula, e tamén poden traballar en casa ben conectado a súa rede ou offline. Neste último caso, o traballo actualizaríase de xeito automático cando o equipo se conectara na rede.

Nos protocolos de Educa Dixital e Fenda Dixital, o préstamo dos ordenadores e dos routers farase a través da información recollida na folla de matrícula. Ao alumnado do Programa E-Dixgal non se lles prestará ordenador de Educa Dixital. Excepcionalmente prestarase router wifi ao alumnado de E-Dixgal se se identifica esta necesidade a través do profesorado titor.

O resto de cursos terían libros de texto ou ben materiais elaborados polo profesorado da materia. A listaxe de libros de texto publicarase a finales de xullo de cada ano.

Ponse a disposición do profesorado a aula virtual da Consellería e o dominio de Google do centro.

# 6. CRITERIOS DE OFERTA EDUCATIVA, AGRUPAMENTOS EN ÁMBITOS, ITINERARIOS E OPTATIVIDADE, DE SER O CASO

A oferta educativa dun centro débese amoldar ás características do alumnado e aos seus intereses persoais, así como ás características e necesidades da contorna na que dito centro está inmerso. Porén, ante o feito de que os recursos (tanto de persoal docente como de espazos) son finitos, establécense unha serie de principios que rexerán as decisións en materia de oferta educativa e optatividade.

- **Principio de inclusión e non discriminación:** os agrupamentos de materias en ámbitos e os diferentes itinerarios que se poidan configurar terán en conta a diversidade de capacidades e aptitudes do noso alumnado, así como a non discriminación por razón de sexo, raza, situación sociofamiliar ou outras características persoais. Buscarase, polo tanto, o máximo desenvolvemento das capacidades de todo o alumnado e especialmente daquel que se atope en situación de vulnerabilidade.

- **Principio de prevención:** É un feito que a abordaxe temperá das dificultades de aprendizaxe do alumnado incide de xeito decisivo na súa recuperación. Por isto, primarase a adopción de medidas de agrupamento/optatividade na ESO e, dentro desta, nos cursos máis baixos.

- **Principio de economía de recursos:** Todas as decisións sobre optatividade e itinerarios tomaranse buscando o mínimo custo en recursos públicos unha vez que teñan sido observados os dous principios anteriores (non discriminación e prevención).

Dentro das posibilidades horarias dispoñibles nos departamentos didácticos, e dacordo coa oferta legal establecida no DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, o centro tentará manter un equilibrio, entre unha oferta educativa o máis ampla e atractiva posible para o alumnado, e a atención do mesmo a traves do servizo de garda. Ademáis, esta oferta educativa ten que garantir que o profesorado poida beneficiarse dos descontos horarios recollidos na lei por diferentes conceptos.

A oferta educativa, agrupamentos en ámbitos, itinerarios e a optatividade, de ser o caso, debatirase sempre na Comisión de Coordinación Pedagóxica e levarase posteriormente a proposta a Claustro.

**PRIORIDADES:**

1.- É prioritario á atención á diversidade (agrupamentos flexibles e reforzos exentos de 2ª lingua estranxeira) frente a posibles materias optativas en ESO e Bacharelato.
2.- As materias non obrigatorias de ESO con menos de 5 alumnos non serán autorizadas pola Inspección Educativa.
3.- En Bacharelato as materias de opción de modalidade teñen prioridade frente ás optativas. Se un departamento ten varias optativas nun mismo apartado, terase en conta o número de alumnos matriculados.
4.- A primeira lingua estranxeira viable no centro, por dispoñibilidade de horario do profesorado, é o inglés. Para poder ofertar outra primeira lingua estranxeira, o departamento correspondente terá que garantir que o alumnado teña continuidade desde 1º de ESO ata 2º de Bacharelato. O centro garantirá a continuidade dunha segunda lingua estranxeira desde 1º de ESO ata 2º de Bacharelato. Dada a dispoñibilidade de horario do profesorado, esta segunda lingua será francés. Na medida do posible, o centro intentará completar a oferta dunha lingua estranxeira portugués.
5.- Na medida do posible evitarase o uso do salón de actos como aula de clase.

**HORARIO DE LIBRE DISPOSICIÓN EN 1º E 2º DE ESO:**

Tentarase repartir as dúas horas de libre disposición nunha materia de ciencias e outra de humanidades.

**PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR:**

A aceptación de entrar no programa de diversificación currricular (PDC) por parte do alumnado proposto, implica a permanencia deste durante os dous cursos que dura o mesmo (3º e 4º de ESO) (ver autorización en **Anexo V**).

**ITINERARIOS:**

**En 4º de ESO faranse os itinerarios seguintes:**

1. **ITINERARIO A:**
   BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (3 HORAS)
   FÍSICA E QUÍMICA (3 HORAS)

2. **ITINERARIO B:**
   ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO (3 HORAS)
   LATÍN (3 HORAS)

Ofértase en 3º e 4º de ESO sección bilingüe en xeografía e historia. Idioma inglés.

Cultura Clásica e Oratoria ofertaranse en 3º de ESO. Estas materias xunto á filosofía, só poderán ofertarse en 4º de ESO se hai dispoñibilidade horaria nos respectivos departamentos.

**BACHARELATO:**

Ofertarasen as seguintes materias de outras modalidades como optativas:

- LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL (4 HORAS)
- HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA (4 HORAS).

**NOTA:** A oferta educativa concretarase no **ANEXO IV.**

# 7. CRITERIOS PARA O DESEÑO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Para o deseño de actividades complementarias e extraescolares, o centro terá como referencia o protocolo de actividades extraescolares e complementarias, aprobado en setembro de 2018 e actualizado a 6 de marzo de 2022.

Dito protocolo se pode consultar na páxina web do centro a través da seguinte ligazón:

http://www.edu.xunta.gal/centros/iesxulianmagarinos/system/files/Protocol_AAEECC__xulian_magari%C3%B1os%20v1.2.pdf.pdf

# 8. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO QUE ACADE A PROMOCIÓN CON MATERIAS OU ÁMBITOS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021, o plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor.

Debe incluir:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
3. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
5. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
6. Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
7. Seguimento e avaliación.
8. Acreditación da información á familia

En cada avaliación farase un seguimento do plan de reforzo. Para superar a materia pendente, a alumna ou alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente. Ver **Anexo I.**

# 9. CRITERIOS PARA O DESEÑO DOS PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS PARA O ALUMNADO QUE DEBA PERMANECER UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Segundo a orde do 8 de setembro de 2021, será elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
Debe incluir:

1. Identificación da alumna ou do alumno.
2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
7. Acreditación da información á familia

En cada avaliación farase un seguimento do plan específico. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento. Ver **Anexo II.**

# 10. CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIOŃ, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN

### 10.1. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Artigos 24, 25 e 26 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 10.1.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.

4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III.

6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

### 10.1.2. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco (teránse en conta tamén as materias pendentes).
b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

As consideracións relativas aos apartados c), d) e e) recolleránse nas actas finais de availiación, elaboradas polo profesorado titor de cada grupo.

A decisión colexiada tomarase por maioría do profesorado presente na sesión de avaliación.

3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste artigo e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior deste artigo será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22, naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado. Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un

ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

### 10.1.3. CRITERIOS XERAIS DE TITULACIÓN

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco (teránse en conta tamén as materias pendentes).
b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da

permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

6. De conformidade co establecido no artigo 25.7 do Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, a superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Para concretar estes criterios, usarase a ferramenta correspondente no aplicativo PROENS.

### 10.2. BACHARELATO

Artigos 22, 23 e 24 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 10.2.1. CRITERIOS XERAIS DE AVALIACIÓN

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e da etapa na avaliación das materias serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II.

2. A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua e diferenciada segundo as distintas materias, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

3. O profesorado de cada materia decidirá, ao termo do curso, se a alumna ou o alumno logrou os obxectivos e alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias clave correspondentes.

4. O alumnado que non supere algunha materia, logo da avaliación final do período ordinario, coa finalidade de lle facilitar a súa recuperación, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas que determine a consellería con competencias en materia de educación.

5. Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

### 10.2.2. CRITERIOS XERAIS DE PROMOCIÓN

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.

3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros docentes organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes no marco organizativo que estableza a consellería con competencias en materia de educación e tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.

4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

5. A superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade. Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación. En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso,

que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo.

6. As alumnas e os alumnos que ao termo do segundo curso teñan avaliación negativa nalgunhas materias poderán matricularse delas sen necesidade de cursaren de novo as materias superadas ou poderán optar, así mesmo, por repetir o curso completo. Neste último caso, non se manterán as cualificacións das materias do devandito curso que a alumna ou o alumno tiverse superado previamente.

7. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións nas que unha alumna ou un alumno que cursase o primeiro curso de bacharelato nunha determinada modalidade ou vía poida pasar ao segundo curso nunha modalidade ou vía distinta, así como o cambio de materias.

### 10.2.3. CRITERIOS XERAIS DE TITULACIÓN

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias clave correspondentes.

2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias, agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:

a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias clave e os obxectivos vinculados a ese título.

b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia. A este respecto, considerarase que o alumnado tivo unha inasistencia continuada e non xustificada, se o número de faltas inxustificadas é dun 10% respecto da duración total da materia. Así mesmo, avisarase ao alumnado que presenta unha inasistencia continuada e non xustificada, en cada avaliación parcial, e tamén despois cando acade o 10%. Abalar Móbil é un medio de comunicación oficial da Consellería.

c) Que a alumna ou o alumno se presentou a todas as probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.

Para concretar estes criterios, acórdase crear unha ferramenta na que todo o profesorado de 2º de Bacharelato outorgará unha puntuación numérica a cada unha das competencias clave, sendo despois ponderadas segundo as seguintes porcentaxes:

**a) COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** LINGUAS (75%), resto (25%).
**b) COMPETENCIA PLURILINGÜE:** LINGUAS (75%), resto (25%).
**c) COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA (STEM):** MATEMÁTICAS II, MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II, PSICOLOXÍA, BIOLOXÍA, FÍSICA, QUÍMICA, MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS, TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA II, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS, DEBUXO TÉCNICO II, TICs (90%), resto (10%).
**d) COMPETENCIA DIXITAL:** TICs (50%), resto (50%)
**e) COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER:** TODAS MEDIA.
**f) COMPETENCIA CIDADÁ:** HISTORIA DA FILOSOFÍA (50%), RESTO (50%).
**g) COMPETENCIA EMPRENDEDORA:** EMPRESA E MODELOS DE DESEÑO DE NEGOCIO (50%), RESTO MEDIA.
**h) COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS:** XEOGRAFÍA, HISTORIA DE ESPAÑA, HISTORIA DA ARTE, XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA, HISTORIA DA FILOSOFÍA, HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA, LINGUAS, DEBUXO TÉCNICO II (80%) Resto (20%).

Esta ferramenta trasladará a cualificación dada nas competencias clave aos obxectivos de etapa directamente relacionados con elas, de forma que para obter o título en secundaria o alumnado deberá obter unha puntuación de 5 en todas as competencias clave e un aprobado en todos os obxectivos de etapa.

A ferramenta estará dispoñible on-line para todo o profesorado con anterioridade ás datas de avaliación.

A correspondencia entre competencias clave e obxectivos é a seguinte:

**COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA:** Obxectivos e, f
**COMPETENCIA PLURILINGÜE:** Obxectivos e, f
**COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIA EN CIENCIA, TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA:** Obxectivo i, l

**COMPETENCIA DIXITAL:** Obxectivo g
**COMPETENCIA PERSOAL, SOCIAL E DE APRENDER A APRENDER:** Obxectivo d, o
**COMPETENCIA CIDADÁ:** Obxectivos a, b, c, p
**COMPETENCIA EMPRENDEDORA:** Obxectivo m
**COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAIS:** Obxectivos h, n, o, q, r

**NOTA:** Transitoriamente, durante 2022-23, no que a LOMCE aínda se aplica ao curso par do Bacharelato (2º de Bacharelato), aínda se avaliarán as competencias e obxectivos da LOMCE.

d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo da cualificación final da etapa, considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida. Esta obterase calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, redondeada á centésima.

5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que, como mínimo, se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

# 11. CRITERIOS XERAIS DO OUTORGAMENTO DE MATRÍCULAS DE HONRA, DE SER O CASO

## 2º de Bacharelato

Segundo o artigo 18 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A

devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En caso de que non houbese matrículas de honra suficientes para o alumnado que tivese unha media igual ou superior a 9, os criterios de desempate serían os seguintes:

- Maior nota media no 2º curso de BAC
- Maior nota media na etapa de BAC
- Maior nota media no 4º curso de ESO
- Maior nota media na etapa
- Maior nota media no 3º curso de ESO
- Maior nota media no 2º curso de ESO
- Maior nota media no 1º curso de ESO

## 4º de ESO

Segundo o artigo 12 da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia:

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

En caso de que non houbese matrículas de honra suficientes para o alumnado que tivese unha media igual ou superior a 9, os criterios de desempate serían os seguintes:

- Maior nota media no 4º curso de ESO
- Maior nota media na etapa
- Maior nota media no 3º curso de ESO
- Maior nota media no 2º curso de ESO
- Maior nota media no 1º curso de ESO

# 12. DECISIÓNS E OS CRITERIOS XERAIS PARA A ELABORACION E A AVALIACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS

O artigo 16 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece o seguinte:

1. Os centros docentes desenvolverán o currículo das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das materias ou ámbitos seguindo as decisións e criterios xerais establecidas na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
2. As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de educación secundaria obrigatoria incluirán, como mínimo, os seguintes elementos:
a) Introdución.
b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
d) Metodoloxía.– Concrecións metodolóxicas.– Materiais e recursos didácticos.
e) Avaliación.– Procedemento para a avaliación inicial.– Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.– Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
f) Medidas de atención á diversidade.
g) Transversal.– Concreción dos elementos transversais.– Actividades complementarias.
h) Práctica docente.– Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.– Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

3. O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento das programacións didácticas.

As programacións didácticas de ESO e Bacharelato serán elaboradas no aplicativo PROENS da Consellería. O profesorado encargado da súa elaboración é o profesor da materia programada. Posteriormente, o profesorado que ostente a xefatura do departamento correspondente supervisará as mesmas e as poñerá a disposición do equipo directivo, para que faga a correspondiente supervisión previa á inspección educativa.

Para a formación profesional, o proceso será os mesmo que para as programacións de ESO e Bacharelato pero no aplicativo PROGRAMACIÓNS.

O prazo para a elaboración das programacións e para facer as sucesivas supervisións será o marcado no calendario escolar do curso correspondente.

O profesorado comunicará ao alumnado a principio de curso, a modo resumo, os contidos principais da súa programación, facendo especial fincapé nos criterios de cualificación.

O profesorado que ostente a xefatura do departamento remitirá ao equipo directivo eses resumos para que sexan publicitados na páxina web do centro, permitindo así a súa consulta a toda a

comunidade educativa. Se alguén quere consultar a programación completa poderá solicitalo ao profesorado correspondente. (Ver **Anexo III**)

# 13. CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

O IES Xulián Magariños caracterízase dende hai décadas por ser un centro dinámico, en contínua relación coas institucións da contorna e participante en cantas convocatorias se consideran de interese, tanto da propia Consellería de Educación como doutras entidades como universidades, deputación, concello, etc.

Os criterios para a toma de decisións respecto á participación do centro en calquera tipo de proxecto ou programa son os seguintes:

1. Acordo dos órganos de coordinación docente (CCP e Claustro).
2. Terase en conta o feito de que se trate de proxectos que incidan na inclusión educativa. Rexeitarase calquera proxecto que supoña excluír a alumnado debido ás súas condicións persoais de saúde ou discapacidade.
3. Potenciarase a participación en programas ou convocatorias que contribúan a desenvolver o alumnado o sentido da xustiza e equidade, o respecto polos dereitos humanos e a igualdade de dereitos e deberes de todas as persoas.
4. Promoverase a inclusión do noso centro en todos aqueles proxectos que traballen a prol do desenvolvemento sostible e o respecto polo medio ambiente.

# 14. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, A AVALIACIÓN E A MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

As propostas de modificacións curriculares, se é o caso, serán elaboradas, durante o mes de xuño, pola comisión de coordinación pedagóxica á vista das memorias dos departamentos. As ditas propostas serán analizadas e aprobadas, se é o caso, polo claustro no mes de setembro.

# 15. PROCEDEMENTOS DE ACREDITACIÓN DE COÑECEMENTOS PREVIOS EN BACHARELATO

Segundo o artigo 23.5 do Decreto 157/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, *"a superación das materias de segundo curso que se indican no anexo III estará condicionada á superación das correspondentes materias de primeiro curso indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.*

*Non obstante, dentro dunha mesma modalidade ou vía, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que a alumna ou o alumno cumpre as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.*

*En caso contrario, deberá cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que acadou a promoción a segundo".*

No primeiro caso, a acreditación de coñecementos previos dunha asignatura, desenvolverase de acordo cos seguintes criterios:

a) O **departamento** correspondente deberá adoptar *criterios obxectivos e avaliables* fixando o **grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación** para superar a materia de 1º curso e deseñando **unha proba** que sirva para acreditar dita consecución.
b) O **profesor** da materia de 2º curso deberá:
    1. Aplicar a proba deseñada polo departamento ***antes do comezo das actividades lectivas.***
    2. *Deixar constancia mediante dilixencia nos seguintes documentos de avaliación:*
        - *Historial Académico*
        - *Expediente Académico*
        - *Informe persoal por traslado (se fóra o caso)*

As materias acreditadas por este procedemento NON COMPUTARÁN en ningún caso como materias esixibles para reunir as condicións necesarias para obter o título nin para a obtención da nota media do bacharelato.

# 16. OUTROS ASPECTOS CURRICULARES

- O profesorado tentará, de forma xeral, non deixar tarefas de martes para o mércores.
- Os exames de avaliación deberán organizarse ao longo de todo o período, evitando a aglomeración dos mesmos nas dúas últimas semanas. Con carácter xeral un grupo non debería ter máis de dous exames no mesmo día, e en ningún caso en horas consecutivas; o profesorado pode consultar as planillas que existen nos taboleiros das clases para mellor organizar o calendario de exames.
- Da mesma maneira, coa excepción do alumnado de 2º de Bacharelato ao que ás veces se lle poñen exames similares aos das probas de acceso á universidade, non é recomendable que estas probas estean calculadas para máis de 50 minutos, obrigando ao alumnado a perder un ou os dous períodos de lecer e mesmo a vir pola tarde.
- O alumnado poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade en calquera dos dous cursos de bacharelato. Con carácter xeral, a dita solicitude efectuarase durante o primeiro mes do primeiro curso, e antes do comezo das actividades lectivas do segundo curso.
- En calquera dos outros cursos, o alumnado poderá solicitar o cambio de matrícula de unha ou varias materias no prazo dun mes, que se concederá ou non en función da dispoñibilidade de prazas na nova materia elixida. (Ver **Anexo IV**)
- O centro necesitará en conxunto un mínimo de 90 horas de garda semanais que se distribúen como sigue:
    - 64 gardas en periodos lectivos (2 profesores/as por periodo lectivo)
    - 15 horas de garda en periodos non lectivos (recreos). As gardas do profesorado nos recreos se distribúen como sigue:
        - 1 profesor/a facendo garda de corredor.
        - 1 profesor/a facendo garda nas pistas deportivas.
        - 1 profesor/a facendo garda no patio dianteiro.
    - 5 horas de garda de biblioteca.
    - 6 horas de garda de transporte.

  Se non se cubren ao menos as 90 gardas, a dirección do centro limitará para este fin:

1º. Os descontos complementarios que **non veñen establecidos como preceptivos na lexislación**. A este efecto manteríase unha hora por departamento no mantemento de talleres, laboratorios e aulas de informática.

2º. A atención educativa ao alumnado, como alternativa á relixión no Bacharelato, comprende o conxunto de medidas e apoios destinados a todo o alumnado, co fin de favorecer o seu desenvolvemento persoal e social e a fin de que avancen no logro das competencias de cada etapa educativa e a transición á vida adulta, no marco dun sistema educativo inclusivo. En consecuencia, procurarase que esta hora sexa impartida polo profesorado titor dos grupos de Bacharelato, ou no caso de non ser posible priorizarase profesorado de Bacharelato.

Dacordo coa Disposición adicional segunda da ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa:

“1. Os centros, en cada un dos cursos de bacharelato, disporán a debida atención educativa en horario coincidente coas ensinanzas de relixión ao alumnado que non curse as ditas ensinanzas.

2. Esta atención educativa en ningún caso poderá concretarse en forma de materia nin levará asociada unha cualificación.”

# ANEXO I

XUNTA DE GALICIA | IES XULIÁN MAGARIÑOS

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**PLAN REFORZO CON MATERIAS SEN SUPERAR**
**Curso 20...-20...**

**APELIDOS E NOME DO/A ALUMNO/A:**

| **MATERIA:** | **ETAPA:** ESO | **CURSO (actual):** ☐ 1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º | **GRUPO:** ☐ A ☐ B ☐ C | **CURSO (sen superar):** ☐ 1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º |
|---|---|---|---|---|
| **CURRÍCULO E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:** | | | | |
| **ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:** | | | | |
| **RECURSOS NECESARIOS:** | | | | |
| **TAREFAS E TEMPORALIZACIÓN:** | | | | |

**O/A PROFESOR/A DA MATERIA:**

**O/A TITOR/A:** **Negreira, a de de 20...**

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
Ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

**SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN DE REFORZO CON MATERIAS SEN SUPERAR**

| | |
|---|---|
| **1ª AVALIACIÓN** | |
| **2ª AVALIACIÓN** | |
| **3ª AVALIACIÓN** | |
| **AVALIACIÓN FINAL** | |

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

**INFORMACIÓN Á FAMILIA**

**Mandar o plan reforzo con materias sen superar (primeira folla)**

---

(Para devolver ao profesor/a de ...................................................................................... )

O alumno / a alumna …................................................................................. toma coñecemento das condicións para superar a materia pendente.

Asinado (estudante) Firma da súa nai, pai ou titor legal

## ANEXO II

XUNTA DE GALICIA | IES XULIÁN MAGARIÑOS

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO**

**Curso 20...-20...**

**APELIDOS E NOME DO/A ALUMNO/A:**

| **MATERIA:** | **ETAPA:** | **CURSO:** ☐ 1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º | **GRUPO:** ☐ A ☐ B ☐ C |
|---|---|---|---|

| **NECESIDADES EDUCATIVAS QUE MOTIVARON A REPETICIÓN DO CURSO:** |
|---|
| ☐ Dificultades específicas en relación á materi |
| ☐ Baixo rendemento académico |
| ☐ Necesidades específicas de apoio educativ |
| ☐ Outras |

| **CURSO 20...-20...** | **CURSO 20...-20...** ¿RECOMÉNDASE CONTINUIDADE? |
|---|---|
| **MEDIDAS ORDINARIAS APLICADAS** | **MEDIDAS ORDINARIAS** |
| ☐ Adaptación dos tempos na realización de actividades e/ou entrega de tarefas | ☐ Adaptación dos tempos na realización de actividades e/ou entrega de tarefas |
| ☐ Emprego de materiais diferenciados e/ou complementarios | ☐ Emprego de materiais diferenciados e/ou complementarios |
| ☐ Actividades de reforzo e/ou afianzamento | ☐ Actividades de reforzo e/ou afianzamento |
| ☐ Diversificación dos procedementos e instrumentos de avaliación | ☐ Diversificación dos procedementos e instrumentos de avaliación |
| ☐ Adaptación do formato das probas escritas | ☐ Adaptación do formato das probas escritas |
| ☐ Adaptación dos tempos nas probas escritas | ☐ Adaptación dos tempos nas probas escritas |
| ☐ Adaptacións non significativas dos criterios de avaliación | ☐ Adaptacións non significativas dos criterios de avaliación |
| ☐ Actividades de recuperación de aprendizaxes non adquiridas | ☐ Actividades de recuperación de aprendizaxes non adquiridas |
| ☐ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión | ☐ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión |
| ☐ Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria | ☐ Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria |
| ☐ Programas de enriquecemento curricular (alumnado con altas capacidades intelectuais) | ☐ Programas de enriquecemento curricular (alumnado con altas capacidades intelectuais) |
| ☐ Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar | ☐ Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar |
| ☐ Outras | ☐ Outras |

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
Ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

| MEDIDAS EXTRAORDINARIAS APLICADAS | MEDIDAS EXTRAORDINARIAS |
|---|---|
| ☐ Agrupamento flexible<br>☐ Adaptación curricular<br>☐ Apoio profesorado de Pedagoxía Terapéutica<br>☐ Programa Diversificación Curricular<br>☐ Atención educativa hospitalaria, domiciliaria ou virtual<br>☐ Flexibilización do período de escolarización (discapacidade intelectual, altas capacidades)<br>☐ Outras | ☐ Agrupamento flexible<br>☐ Adaptación curricular<br>☐ Apoio profesorado de Pedagoxía Terapéutica<br>☐ Programa Diversificación Curricular<br>☐ Atención educativa hospitalaria, domiciliaria ou virtual<br>☐ Flexibilización do período de escolarización (discapacidade intelectual, altas capacidades)<br>☐ Outras |
| **OBSERVACIÓNS:** | |
| **ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS:**<br>☐ Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos<br>☐ Aprendizaxe por proxectos<br>☐ Aprendizaxe servizo<br>☐ Titoría entre iguais<br>☐ Outras | |
| **RECURSOS NECESARIOS:**<br>☐ Libro de texto<br>☐ Material elaborado polo profesor/a<br>☐ Aula virtual do centro ou plataforma de aprendizaxe onlin<br>☐ Outros | |

**O/A PROFESOR/A DA MATERIA:**

**O/A TITOR/A:** **Negreira, a de de 20...**

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
Ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

**SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PLAN PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO**

| | |
|---|---|
| **1ª AVALIACIÓN** | |
| **2ª AVALIACIÓN** | |
| **3ª AVALIACIÓN** | |
| **AVALIACIÓN FINAL** | |

**INFORMACIÓN Á FAMILIA**

**Mandar o plan personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso**

**(primeira folla)**

---

(Para devolver ao profesor/a de ...................................................................................... )

O alumno / a alumna …..................................................................................... toma coñecemento do plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

Asinado (estudante) Firma da súa nai, pai ou titor legal

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
Ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

# ANEXO III

XUNTA DE GALICIA | IES XULIÁN MAGARIÑOS

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**RESUMO DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**DEPARTAMENTO:**

**CURSO E MATERIA:**

**UNIDADES DIDÁCTICAS:**

**UD 1. Nome da unidade didáctica.**

**…**

**TEMPORALIZACIÓN (exemplo):**

| | Set | Out | Nov | Dec | Xan | Feb | Mar | Abr | Mai |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| UD 1 | * | * | | | | | | | |
| UD 2 | | * | * | | | | | | |
| UD 3 | | | * | | | | | | |
| UD 4 | | | * | * | | | | | |
| UD 5 | | | | | * | | | | |
| UD 6 | | | | | * | * | | | |
| UD 7 | | | | | | * | * | | |
| UD 8 | | | | | | | * | * | |
| UD 9 | | | | | | | | * | |
| UD 10 | | | | | | | | * | * |

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN: (Implica un cálculo numérico)**

…

**Os criterios de recuperación** a ter en conta son:

…

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
Ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

## ANEXO IV

XUNTA DE GALICIA | IES XULIÁN MAGARIÑOS

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

**SOLICITUDE PARA CAMBIOS NA MATRÍCULA**

O alumno/a ___________________________________________________________

do curso ________________ solicita cambiar a asignatura de ________________________________________________ pola asignatura de ______________________________________________

Polas seguintes razóns:

___________________________________________________________________
___________________________________________________________________
___________________________________________________________________
___________________________________________________________________
___________________________________________________________________
_____

Negreira, a _____ de ____________ de 202__

Fdo.: pai/nai/titor/alumno maior de idade

NOTA: O prazo de presentación de solicitudes remata un mes despois do inicio das clases

Rúa Castelao, 23
15830-Negreira
881-867126
Ies.xulian.magarinos@edu.xunta.gal

**ANEXO V**

XUNTA DE GALICIA | IES XULIÁN MAGARIÑOS

UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
*"O FSE inviste no teu futuro"*

**PROPOSTA DE INCORPORACIÓN A UN PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR**

Don/a …………………………………………………………. con DNI ……………………………
nai/pai/titor-a legal do alumno/a ………………………………………………………….

AUTORIZO (SI_ NON_)
Que a miña filla / o meu fillo se incorpore a un programa de diversificación curricular de dous cursos (3º e 4º de ESO) durante os cursos académicos 20… - 20… e 20… - 20…, comprometéndome a que permaneza no programa ata a finalización do mesmo.

En Negreira, a …. de ….. de 20….

Asdo.:

# ANEXO VI

## EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA:

## 1º CURSO

| | |
|---|---|
| ☒ MATEMÁTICAS (4 HORAS)<br>☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 HORAS)<br>☒ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (3 HORAS)<br>☒ TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN (3 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN FÍSICA (2 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (2 HORAS)<br>☒ 1ª Lingua estranxeira INGLÉS (3 HORAS)<br>☒ 2ª Lingua estranxeira FRANCÉS [1] (2 HORAS)<br>1.A segunda lingua estranxeira poderá substituírse por un reforzo en determinados casos. | **(ESCOLLER 1)**<br>▢ PROXECTO COMPETENCIAL (1 HORA)<br>▢ RELIXIÓN (1 HORA)<br><br>**DISPOSICIÓN DE CENTRO**<br>☒ REFORZO DE LINGUA GALEGA (1 HORA)<br>☒ REFORZO DE MATEMÁTICAS (1 HORA) |
| | ☒ TITORÍA (1 HORA) |

## 2º CURSO

| | |
|---|---|
| ☒ EDUCACIÓN FÍSICA (2 HORAS)<br>☒ FÍSICA E QUÍMICA (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ MATEMÁTICAS (4 HORAS)<br>☒ MÚSICA (2 HORAS)<br>☒ TECNOLOXÍA E DIXITALIZACIÓN (3 HORAS)<br>☒ XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 HORAS)<br>☒ 1ª Lingua estranxeira INGLÉS (3 HORAS)<br>☒ 2ª Lingua estranxeira FRANCÉS [1] (2 HORAS)<br>1.A segunda lingua estranxeira poderá substituírse por un reforzo en determinados casos. | **(ESCOLLER 1)**<br>▢ PROXECTO COMPETENCIAL (1 HORA)<br>▢ RELIXIÓN (1 HORA)<br><br>**DISPOSICIÓN DE CENTRO**<br>☒ REFORZO DE LINGUA CASTELÁ (1 HORA)<br>☒ REFORZO DE MATEMÁTICAS (1 HORA) |
| | ☒ TITORÍA (1 HORA) |

## 3º CURSO

| | | |
|---|---|---|
| ☒ MATEMÁTICAS (4 HORAS)<br>☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (2 HORAS)<br>☒ FÍSICA E QUÍMICA (2 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN FÍSICA (2 HORAS) | ☒ EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (2 HORAS)<br>☒ MÚSICA (2 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS (1 HORA)<br>☒1ª LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS (3 HORAS)<br>☒ XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 HORAS)<br>☒ TITORÍA (1 HORA) | **(ESCOLLER 1)**<br>▢ PROXECTO COMPETENCIAL (1 HORA)<br>▢ RELIXIÓN (1 HORA)<br>**OPTATIVAS AUTONÓMICAS (ESCOLLER 1)**<br>▢ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS (3 HORAS)<br>▢ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS (3 HORAS)<br>▢ CULTURA CLÁSICA (3 HORAS)<br>▢ ORATORIA (3 HORAS)<br>▢ EDUCACIÓN DIXITAL (3 HORAS)<br>▢ CULTURA FINANCEIRA (3 HORAS) |

## 3º CURSO (DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR)

<table>
<tr>
<td rowspan="2">PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR<br>☒ ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL<br>(9 HORAS + 3 HORAS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA)<br>☒ ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO (8 HORAS)</td>
<td rowspan="2">☒ EDUCACIÓN FÍSICA (2 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL (2 HORAS)<br>☒ MÚSICA (2 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN EN VALORES CÍVICOS E ÉTICOS (1 HORA)<br>(ESCOLLER 1)<br>▢ PROXECTO COMPETENCIAL (1 HORA)<br>▢ RELIXIÓN (1 HORA)</td>
<td>OPTATIVAS AUTONÓMICAS (ESCOLLER 1)<br>▢ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS (3 HORAS)<br>▢ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS (3 HORAS)<br>▢ CULTURA CLÁSICA (3 HORAS)<br>▢ ORATORIA (3 HORAS)<br>▢ EDUCACIÓN DIXITAL (3 HORAS)<br>▢ CULTURA FINANCEIRA (3 HORAS)</td>
</tr>
<tr>
<td>☒ TITORÍA (1 HORA)</td>
</tr>
</table>

## 4º CURSO

| | | |
|---|---|---|
| ☒ EDUCACIÓN FÍSICA (2 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA (3 HORAS)<br>☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA (3 HORAS) | **1ª Lingua estranxeira (ESCOLLER 1)**<br>▢ INGLÉS (3 HORAS)<br>▢ FRANCÉS (3 HORAS)<br>**(ESCOLLER 1)**<br>▢ MATEMÁTICAS A (4 HORAS)<br>▢ MATEMÁTICAS B (4 HORAS) | **(ESCOLLER 1)**<br>▢ XEOGRAFÍA E HISTORIA (3 HORAS)<br>▢ XEOGRAFÍA E HISTORIA (SECCIÓN BILINGÜE) (3 HORAS)<br>**(ESCOLLER 1)**<br>▢ PROXECTO COMPETENCIAL (1 HORA)<br>▢RELIXIÓN (1 HORA)<br>☒ TITORÍA (1 HORA) |

**MATERIAS DE OPCIÓN (ESCOLLER UN ITINERARIO) Total 2 materias 6 horas**
**ITINERARIO A** ▢ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA (3 HORAS) / FÍSICA E QUÍMICA (3 HORAS)
**ITINERARIO B** ▢ ECONOMÍA E EMPRENDEMENTO (3 HORAS) / LATÍN (3 HORAS)

**MATERIAS DE OPCIÓN (UNHA)** (TODAS 3 HORAS) **NUMERAR DO 1 AO 4 (SÓ SE PODERÁ CURSAR UNHA SEGUNDA LINGUA)**
▢ 2º IDIOMA FRANCÉS ▢ FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL ▢ TECNOLOXÍA
▢ 2º IDIOMA PORTUGUÉS ▢ MÚSICA
▢ DIXITALIZACIÓN ▢ EXPRESIÓN ARTÍSTICA

**MATERIAS OPTATIVAS (ESCOLLER 1)**
▢ FILOSOFÍA ▢ UNHA MATERIA DE OPCIÓN NON CURSADA (SEGUINTE OPCIÓN Á ESCOLLIDA NO APARTADO ANTERIOR)

## 4º CURSO (DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR)

| PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR | MATERIAS DE OPCIÓN (ESCOLLER 1) (TODAS 3 HORAS) NUMERAR DO 1 AO 4 (SÓ SE PODERÁ CURSAR UNHA SEGUNDA LINGUA) | MATERIAS OPTATIVAS (ESCOLLER 1) |
|---|---|---|
| ☒ EDUCACIÓN FÍSICA (2 HORAS)<br>☒ ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL (9 HORAS + 3 HORAS 1ª LINGUA ESTRANXEIRA)<br>☒ ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO (10 HORAS)<br>**(ESCOLLER 1)**<br>▢ PROXECTO COMPETENCIAL (1 HORA)<br>▢ RELIXIÓN (1 HORA) | ▢ 2º IDIOMA FRANCÉS<br>▢ FORMACIÓN E ORIENTACIÓN PERSOAL E PROFESIONAL<br>▢ TECNOLOXÍA<br>▢ 2º IDIOMA PORTUGUÉS<br>▢ MÚSICA<br>▢ DIXITALIZACIÓN<br>▢ EXPRESIÓN ARTÍSTICA | ▢ FILOSOFÍA<br>▢ UNHA MATERIA DE OPCIÓN NON CURSADA (SEGUINTE OPCIÓN Á ESCOLLIDA NO APARTADO ANTERIOR)<br>☒ TITORÍA (1 HORA) |

## BACHARELATO:

## 1º DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

| | | |
|---|---|---|
| **MATERIAS COMÚNS**<br>☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA I (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I (3 HORAS)<br>☒ FILOSOFÍA (3 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN FÍSICA (3 HORAS)<br>☒ INGLÉS I (3 HORAS)<br><br>**(ESCOLLER 1)**<br><br>☐ RELIXIÓN (1 HORA)<br><br>☐ MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA (1 HORA) | **MATERIAS OBRIGATORIAS DE MODALIDADE (ESCOLLER 1)**<br><br>☐ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I (4 HORAS)<br><br>☐ LATIN I (4 HORAS)<br><br>**MATERIAS DE OPCIÓN DE MODALIDADE (ENUMERAR DO 1 AO 5)**<br>(2 MATERIAS 8 HORAS)<br><br>☐ GREGO I<br><br>☐ ECONOMÍA<br><br>☐ LITERATURA UNIVERSAL<br><br>☐ HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO<br><br>☐ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I<br><br>☐ LATÍN I | **MATERIAS OPTATIVAS (ESCOLLER 1)**<br>(TODAS SON DE 4 HORAS)<br><br>☐ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS I<br><br>☐ CULTURA CIENTÍFICA<br><br>☐ TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN I<br><br>☐ ANTROPOLOXÍA<br><br>☐ ANATOMÍA APLICADA<br><br>☐ LITERATURA GALEGA DO S.XX E A ACTUALIDADE<br><br>☐ LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL<br><br>☐ OPCIÓN NON CURSADA NA 2ª COLUMNA ____________________ |

## 1º DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA

| | | |
|---|---|---|
| **MATERIAS COMÚNS**<br>☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA I (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA I (3 HORAS)<br>☒ FILOSOFÍA (3 HORAS)<br>☒ EDUCACIÓN FÍSICA (3 HORAS)<br>☒ INGLÉS I (3 HORAS)<br><br>**(ESCOLLER 1)**<br><br>☐ RELIXIÓN (1 HORA)<br><br>☐ MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA (1 HORA) | **MATERIA OBRIGATORIA DE MODALIDADE**<br><br>☒ MATEMÁTICAS I (4 HORAS)<br><br>**MATERIAS DE OPCIÓN DE MODALIDADE (ENUMERAR DO 1 AO 4)** (2 MATERIAS 8 HORAS)<br>☐BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS<br><br>☐TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA I<br><br>☐DEBUXO TÉCNICO I<br><br>☐FÍSICA E QUÍMICA | **MATERIAS OPTATIVAS (ESCOLLER 1)**<br>(TODAS SON DE 4 HORAS)<br><br>☐ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS I<br><br>☐ CULTURA CIENTÍFICA<br><br>☐ TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN I<br><br>☐ ANTROPOLOXÍA<br><br>☐ ANATOMÍA APLICADA<br><br>☐ LITERATURA GALEGA DO S.XX E A ACTUALIDADE<br><br>☐ LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL<br><br>☐ OPCIÓN NON CURSADA NA 2ª COLUMNA ____________________ |

## 2º DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

| MATERIAS COMÚNS | MATERIAS OBRIGATORIAS DE MODALIDADE (ESCOLLER 1) | MATERIAS OPTATIVAS (ESCOLLER 1) (TODAS SON DE 4 HORAS) |
|---|---|---|
| ☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA II (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II (3 HORAS)<br>☒ HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 HORAS)<br>☒ HISTORIA DE ESPAÑA (3 HORAS)<br>☒ INGLÉS II (3 HORAS)<br><br>**(ESCOLLER 1)**<br><br>▢ RELIXIÓN (1 HORA)<br><br>▢ MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA (1 HORA) | ▢LATÍN II (4 HORAS)<br><br>▢MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (4 HORAS)<br><br>**MATERIAS DE OPCIÓN DE MODALIDADE (ENUMERAR DO 1 AO 4)** (2 MATERIAS 8 HORAS)<br>▢EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO<br>▢GREGO II<br>▢HISTORIA DA ARTE<br>▢LATÍN II<br>▢MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II<br>▢XEOGRAFÍA | ▢MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS<br><br>▢ PSICOLOXÍA<br><br>▢ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS II<br><br>▢TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN II<br><br>▢XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA<br><br>▢ HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA<br><br>▢MATERIA DE MODALIDADE NON CURSADA NA 2ª COLUMNA<br>____________________ |

## 2º DE CIENCIAS E TECNOLOXÍA

| MATERIAS COMÚNS | MATERIAS OBRIGATORIAS DE MODALIDADE (ESCOLLER 1) | OPTATIVAS (ESCOLLER 1) (TODAS SON DE 4 HORAS) |
|---|---|---|
| ☒ LINGUA GALEGA E LITERATURA II (3 HORAS)<br>☒ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA II (3 HORAS)<br>☒ HISTORIA DA FILOSOFÍA (3 HORAS)<br>☒ HISTORIA DE ESPAÑA (3 HORAS)<br>☒ INGLÉS II (3 HORAS)<br><br>**(ESCOLLER 1)**<br><br>▢ RELIXIÓN (1 HORA)<br><br>▢ MEDIDAS DE ATENCIÓN EDUCATIVA (1 HORA) | ▢ MATEMÁTICAS II (4 HORAS)<br><br>▢ MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II (4 HORAS)<br><br>**MATERIAS DE OPCIÓN DE MODALIDADE (ENUMERAR DO 1 AO 5)** (2 MATERIAS 8 HORAS)<br>▢ BIOLOXÍA<br>▢ TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA II<br>▢ XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS<br>▢ DEBUXO TÉCNICO II<br>▢ FÍSICA<br>▢ QUÍMICA | ▢ MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS<br><br>▢ PSICOLOXÍA<br><br>▢ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA FRANCÉS II<br><br>▢ TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN II<br><br>▢ XEOGRAFÍA, HISTORIA, ARTE E PATRIMONIO DE GALICIA<br><br>▢ HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA<br><br>▢ MATERIA DE MODALIDADE NON CURSADA NA 2ª COLUMNA<br>____________________ |